SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 881 95 00 95 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

NOTAS SOBRE DECLARACION DE INNECESARIEDADE DE TERREOS DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO PARA CONTINUAR TRÁMITES DE REVERSION, DESAFECTACION E MODIFICACION DO DESLINDE MARÍTIMO TERRESTRE

En aplicación da normativa a tramitación será a seguinte.

1) **Solicitude do concello** de aqueles terreos adscritos a zona portuaria dos que pretendera a transferencia final a terreos municipais (DATA LÍMITE 15 DE OUTUBRO)
2) **Valoración de portos de Galicia** da solicitude presentada polo concello e elaboración de plano por parte de portos daqueles terreos dos solicitados que se é posible **declarala innecesariedade** en base os criterios técnicos fixados.
3) Inicio de trámites en base ás superficies establecidas susceptibles de revertir
4) Elevación da proposta a consello Reitor de Portos de Galicia
5) Remisión a consellería con competencias en materia de patrimonio, a cal tras analizar a proposta e realizar á tramitación oportuna a remitiría a administración xeral do estado.
6) Tramitación do estado en base ó disposto na lexislación de patrimonio e aprobación en Consello de Ministros.

MARCO XURÍDICO E EFECTOS

Os efectos da reversión será que os terreos de dominio público marítimo terrestes portuarios, deixa de ter tal consideración de portuarios, polo que non será de aplicación neles a lexislación portuaria, pasando a ser competencia directa da Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, sendo de aplicación o disposto na Lei de Costas 22/88, a todos os efectos.

A posibilidade de que o estado ceda estes terreos ó concello dependerá ademais dos intereses da dirección xeral de costas, o cumprimento do disposto no artigo 38 do regulamento da Lei de Costas que establece o seguinte

Que soamente poderá procederse á desafectación de terreos no suposto do apartado 5 do artigo 4 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, e concordantes deste regulamento, previo informe preceptivo do Concello e da comunidade autónoma afectados e previa declaración de innecesariedade.

A declaración de innecesariedade para a protección ou utilización do dominio público marítimo-terrestre **terá carácter excepcional e só procederá naqueles supostos en que resulte inviable a recuperación dos terreos ou a utilización dos mesmos para usos relacionados coa protección e utilización do dominio público**

marítimo-terrestre. Unha vez declarada a innecesariedade dos terreos poderá solicitarse a súa desafectación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas nos termos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas. A declaración de innecesariedade de bens de dominio público marítimo-terrestre requirirá informe do Ministerio de Defensa en relación cos intereses públicos tutelados polo devandito Ministerio.

A desafectación deberá ser expresa e antes de proceder a ela haberán de practicarse os correspondentes deslindes e cumprirse as restantes condicións esixidas pola Lei 33/2003, do 3 de novembro. A desafectación tramitarase de acordo co disposto na lexislación patrimonial.

O apartado 5 do artigo 4 da lei 22/1988 refírese o terreos deslindados como dominio público que por calquera causa perderan as súas características naturais de praia, acantilado, o zona marítimo-terrestre, salvo o previsto no artigo 18.

A súa vez o artigo 18 dispón que poderá procederse á desafectación de terreos no suposto dos apartados 5 e 10 do artigo 4, previo informe preceptivo o concello e da Comunidade Autónoma afectados e previa declaración de la innecesariedade a los efectos previstos en el articulo anterior.

O apartado 10 refírese a sinalización marítima e a súa zona de afección.

O artigo 19 da Lei de costas establece **que os terreos desafectación conforme ó previsto no artigo 18 incorporaranse ó Patrimonio do Estado. Cando non se xulgue previsible a súa afectación, poderán ser cedidos gratuitamente ó Municipio ou á Comunidade Autónoma, condicionándose a cesión a que se destinen a finalidades de uso o servicio público da competencia de aqueles**. O regulamento engade que a dita cesión realizarase segundo os termos previstos na Lei 33/2003 de patrimonio

A resolución favorable implica o cumprimento dos requisitos establecidos non soamente na lexislación portuaria senón tamén na de costas e na de patrimonio da comunidade autónoma e do estado.

CRITERIOS PARA PROPOR INICIO DE TRÁMITES:

A administración portuaria para poder impulsar un expediente de reversión debe realizar previamente un informe de innecesariedade de terreos, neste documento precisamente o que se ten que analizar e utilidade destes terreos non soamente no momento presente si non tamén no futuro tendo en conta ao posible crecemento do porto.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 881 95 00 95 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

O informe técnico debe comprobar os seguintes aspectos:

1. Comprobación de usos no DEUP, sendo admisible unha reversión se os uso asignados non son portuarios, como pode ser o de interacción porto cidade (non estritamente portuarios) ou nalgunhas ocasións concretos o de infraestruturas básicas.
2. Non existencia de títulos administrativos que acrediten o uso do terreo para actividade portuarias que motivaron o outorgamento da concesión.
3. Que a localización da zona a reverter non constituía unha illa no medio do porto
4. Que a zona a reverter rompa a continuidade entre diferentes parte de un porto.

Polo exposto as zonas que a prior sexan susceptibles de declarar innecesarias serán as zonas consolidadas como espazos axardinados, lonxe da actividade portuaria, nas que no exista ningún titulo administrativo que regule a súa ocupación (principalmente concesión) e que se atopen nun extremo o borde do porto. Estas zonas deberan ter asinado no DEUP un uso non estritamente portuario.

Tamén serán susceptibles as reversións de espazos que aínda non perderan as características de espazo natural como pode ser as praias e areais, cuxa segregación non rompa coa continuidade do porto.